

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DO CSHG.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a M^a Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.



Doutra parte, **D. Jaime López-Chicheri Mickeri**, actuando en calidade de Presidente da Asociación de Antigos Alumnos do CSHG, segundo acta de reunión da Asamblea Xeral da asociación, celebrada o 19 de xaneiro de 2017.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

I.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro do seu obxecto social ten encomendada as funcións de formación e reciclaxe de profesionais para o sector turístico de Galicia, actividade que exerce a través do Centro Superior de Hostalería de Galicia (en diante CSHG), Área da da Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia.

II.- Que a Asociación de Antigos Alumnos do CSHG (en adiante CSHG Alumni), creada en novembro de 1997 é unha iniciativa dos alumnos para crear unha estreita vinculación entre o



CSHG, os asociados e o Sector Hostaleiro.

III.- Que tanto a Axencia Turismo de Galicia como o CSHG Alumni teñen intención de promover e potenciar accións tendentes a dotar de instrumentos de inserción laboral e reciclaxe aos ex-alumnos do CSHG.

IV.- Que se pretende manter un vínculo entre o CSHG e os seus antigos alumnos (a través do CSHG Alumni) mais aló do período no que cursan os seus estudos para, dunha banda, ofrecer un valor engadido á formación que o CSHG proporciona e, de outra, conseguir unha potente ferramenta de marketing, xa que os ex-alumnos actúan como "embaixadores" do CSHG alá onde desenvolven a súa actividade profesional.

V.- Que non é posible a concorrência pública pola propia natureza das actuacións obxecto deste convenio, que só se poden realizarse polo CSHG Alumni, como Asociación de Antigos Alumnos do Centro Superior de Hostalería de Galicia.



En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CSHG Alumni para levar a cabo as accións que se detallan a continuación:

- Establecemento e mantemento da rede de contactos con empresas e institucións do sector, que permitan a pervivencia da Bolsa de Traballo.
- Invitación a todos os alumnos do CSHG ao CSHG Alumni, mentres estudan de forma gratuíta.
- Asesoramento profesional aos asociados.
- Realización de labores de intermediación entre o sector e os antigos alumnos para facilitar o acceso dos asociados ao mercado laboral.





- Actualización da web do CSHG Alumni.
- Envío de e-mail a xornais con información, noticias, cursos sobre o CSHG aos socios.
- Encontro anual de alumnos e antigos alumnos (Networking, Fitur e Workshop).
- Realización de informes
- Planificación e organización técnica do X Workshop.
- Actividades de formación e asesoramento para profesionais.

A subvención da Axencia Turismo de Galicia financiará os gastos da realización destas actividades polo CSHG Alumni, por tratarse de accións que redundan na inserción laboral e reciclaxe aos ex-alumnos do CSHG, concorrendo, deste xeito, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrência pública, ao ser a citada Asociación a única que realiza tales actuacións.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende á cantidade de **10.424,00 €** que se distribúen do seguinte xeito:

X WORKSHOP	1.500 €
ENCONTROS ASOCIADOS	600 €
SOLDOS E SALARIOS	8.000 €
MANTEMENTO WEB	324 €
TOTAL GASTOS	10.424 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de dez mil euros (10.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.480.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Asociación CSHG Alumni, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. A contía máxima do pagamento virá representada pola contía efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo de 10.000,00€.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2017**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES


1. O **CSHG Alumni**, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluir en toda a documentación e soportes que se trata dunha actuación con

financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do presente convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención por importe máximo de 10.000,00€. Esta subvención financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.480.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.



QUINTA.- COMPATIBILIDADE.

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais pero o seu importe.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.


SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DE FONDOS E PAGAMENTO

1. A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, segundo se establece no artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e conterà:

- a) Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago. Así mesmo, e en relación aos gastos de persoal destinado ás actuacións deste convenio, deberá indicarse ás persoas, horas de dedicación ao proxecto, aportando copia compulsada de nóminas, así como os xustificantes do seu pagamento e dos gastos da Seguridade Social (Boletín de cotización modelo TC2; RLC recibo de liquidación de cotizacións, antigo modelo TC1, e xustificante bancario do ingreso de cotizacións á Seguridade Social) e os documentos acreditativos do pago da retención do IRPF.





- c) Un detalle de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.
- d) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- e) Certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

2. O prazo para xustificar rematará o 31 de outubro de 2017.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións nas contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando devezan as razón xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase proporcionalmente no caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe do orzamento previsto na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. A achega da Axencia Turismo de Galicia poderá ser librada, trimestralmente, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas no trimestre correspondente, como pagamento a conta, de conformidade co disposto no artigo 62 do citado Decreto 11/2009, que non poderán superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, para o que CSHG Alumni deberá presentar a documentación



xustificativa detallada no parágrafo 1 desta cláusula, referida ao trimestre en cuestión.

A Asociación CSHG Alumni está exenta da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 i) do Decreto 11/2009.

O informe que se presentará na data límite de xustificación fará referencia ás accións e actividades realizadas desde o comezo do ano.

OITAVA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación CSHG Alumni deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio, que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O acordo unánime das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está excluído do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.1d).

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO CUARTA.- CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS.


Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia


Mª Nava Castro Domínguez

Polo CSHG Alumni


Jaime López-Chicheri Mickeri